



ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

SESIÓN ORDINARIA DO 5 DE ABRIL DE 2018

ASISTENTES:

Alcalde- Presidente:

D. José Luis Oujo Pouso.

Concelleiros:

D^a. María José Maneiro Quintáns.

D. José Manuel Deán Pouso.

D^a. M^a Magdalena Pérez Millares

Secretario:

D. José Manuel González García.

Na Alcaldía- Presidencia da **Casa do Concello** de Porto do Son, sendo as 13:40 horas do día **5 de abril de 2018**, reúnese a Xunta de Goberno Local en **sesión ordinaria**, baixo a presidencia do Alcalde- Presidente, D. José Luis Oujo Pouso, coa asistencia dos Sres. concelleiros que se relacionan á marxe.

A Xunta de Goberno Local está asistida polo secretario da Corporación, D. José Manuel González García, que dá fe do acto.

Unha vez comprobada polo secretario a válida constitución da Xunta de Goberno Local, posto que asisten a maioría absoluta dos seus integrantes, o Sr. Alcalde- Presidente abre a sesión.

De seguido, a Xunta de Goberno Local procede á deliberación e votación dos asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA**, e que se relacionan a continuación:

1.- APROBACIÓN DE ACTAS.

1.1.- Acta do 15 de marzo de 2018.

2.- LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

2.1.- Licenza de primeira ocupación. Expediente 283/2017.

2.2.- Licenza de primeira ocupación. Expediente 24/2018.

2.3.- Licenza de primeira ocupación. Expediente 29/2018.

2.4.- Comunicacóns previas de obra.

2.5.- Desistencia de comunicacón previa de obra. Expediente 233/2017

2.6.- Comunicacóns previas de actividade.

3.- REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1.- Declaración de caducidade de expediente de reposición da legalidade urbanística e inicio dun novo procedemento de reposición da legalidade urbanística.

4.- PATRIMONIO MUNICIPAL.

4.1.- Requirimento para o cese da posesión indebida sobre un espazo público.

5.- ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓNES.



1. APROBACIÓN DE ACTAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, **APROBA** a acta correspondente á sesión ordinaria do 15 de marzo de 2018.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS E DE ACTIVIDADE.

A Xunta de Goberno Local, órgano competente para a adopción deste acordo de conformidade coa delegación de competencias efectuada mediante o decreto núm. 406/2015, do 18 de xuño, imponlle ás **licenzas e ás comunicacións previas urbanísticas**, as seguintes **condicións xerais**, de obrigado cumprimento:

1/ As licenzas outórgase **sen prexuízo de terceiros**, deixando a **salvo o dereito de propiedade** e doutras autorizacións administrativas, sen que se poida invocar a licenza para excluír ou dirimir a responsabilidade civil ou penal na que incorreran os beneficiarios no exercicio das súas actividades.

2/ No caso de ser imprescindible a **ocupación da vía pública**, debe obterse a preceptiva licenza municipal de ocupación de vía pública e, unha vez rematada a obra, deberán repoiñerse os desperfectos que se causaran á vía.

3/ Faise advertencia expresa que na execución das obras deberán adoptarse as **medidas que en materia de seguridade e saúde no traballo** veñan esixidas pola normativa na materia en vigor, especialmente no Real Decreto 1627/1997, de 14 de marzo.

4/ **Finalizadas as obras** debe comunicarse ao concello esta circunstancia a fin de efectuar as comprobacións pertinentes, así como a **liquidación definitiva de tributos** e outorgamento das licenzas que procedan.

5/ **Prazo de execución**: a obra debe iniciarse no prazo máximo de 6 meses dende a notificación do outorgamento da licenza e deberá estar rematada no prazo máximo de 3 anos, a contar dende esa mesma data, non sendo posible interromper as obras por tempo superior a 6 meses.

No caso de tratarse de obras menores, o prazo non poderá exceder de 3 meses para o inicio e de 12 meses para o remate, non podendo interromperse por tempo superior a 6 meses.

6/ As obras deben realizarse coas debidas condicións de **seguridade e solidez**.

7/ En caso de perda de vixencia das **autorizacións sectoriais pertinentes** deberán renovarse non sendo posible a continuación das obras sen cumprir este trámite.

8/ Nas obras que se **executasen con inobservancia das condicións da licenza ou comunicación** serán sancionadas por **infracción urbanística** as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietario dos terreos ou empresario das obras, así como os técnicos redactores do proxecto e directores das obras. Neste sentido, todo técnico, polo só feito de asinar unha solicitude de licenza de obra, declara coñecer as condicións que se esixen e a normativa urbanística aplicable ao Concello de Porto do Son, aceptando as responsabilidades que se deriven da súa aplicación.

Os arquitectos directores das obras son responsables mancomunadamente cos propietarios, das infraccións das normas urbanísticas sempre que ao advertir calquera circunstancia pola que se aparten das condicións en que se concedan as licenzas, non o comuniquen por escrito ao Concello.

9/ Será requisito indispensable en tódalas obras dispor ao pé da obra de **copia da licenza ou comunicación previa**, e **nas obras maiores do cartel indicador** no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a



construción, número de plantas autorizadas, prazo de execución das obras, data de outorgamento da licenza e o número de expediente.

10/ De ser oportuno, recórdase ao solicitante que antes do comezo das obras deberá solicitar ao Concello a **acta de comprobación de aliñacións**.

11/ No caso de obra maior, finalizadas as obras deberá solicitar a oportuna **licenza de primeira ocupación**, de conformidade co sinalado na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

12/ Debe darse cumprimento ao Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a **producción e xestión dos residuos de construción e demolición**. O artigo 4, relativo ás Obrigas do produtor de residuos de construción e demolición, apartado c, sinala: "*dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos na súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado, nos termos recollidos neste Real Decreto, e, en particular, no estudo de xestión de residuos na obra o nas súas modificacións. A documentación correspondente a cada ano natural deberá manterse durante os cinco anos seguintes.*

13/ Debe respectarse o establecido no artigo 91 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, isto é, as construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estivesen situadas, polo que:

- A tipoloxía das construcións e os materiais e cores empregados deberán favorecer a integración no entorno inmediato e na paisaxe.
- As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.

2.1) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. EXPEDIENTE 283/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que Elec Coal VM S.L.U. solicitou en data 11/08/2017 (r.e. 5157) licenza municipal para "**primeira ocupación**" do Parque Eólico Singular do Concello de Porto do Son situado no lugar de Pedras Negras – Xuño, na parcela con referencia catastral 15072A046000300000PO, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12/08/2010 (expte. 122/2009).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 122/2009 e, en particular o informe dos servizos técnicos municipais, de data de 20/03/2018, en sentido favorable, no que se conclúe: "*xirada visita de comprobación ao lugar onde se levaron a cabo as obras obxecto do expediente de licenza de obras 122/2009, e vistas as fotografías aéreas, compróbase que dende o punto de vista exclusivamente técnico urbanístico, axústase substancialmente ao proxecto que obtivo licenza mediante acordo de Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria con data 12 de agosto de 2010, no referido á posición dos aeroxeradores e o edificio de control, observándose que con respecto ao trazado do viario anterior da parcela, sufriu unha modificación en aproximadamente 50 m. do seu trazado, tal e como se recolle na documentación final de obra, seguindo a topografía do terreo, con escasa afección ao perfil orixinal do terreo. Esta modificación non supón incumprimento da normativa de aplicación, dado que se trata do viario interior á parcela.*"

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Elec Coal VM S.L.U. a licenza municipal para "**primeira ocupación**" do Parque Eólico Singular do Concello de Porto do Son situado no lugar de Pedras Negras-

parroquia de Xuño, na parcela con referencia catastral 15072A046000300000PO, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 12/08/2010 (expte. 122/2009).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación e expedición de documentos polo outorgamento da licenza de primeira ocupación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible: orzamento	TIPO de GRAVAME	COTA taxa LPO	PENDENTE PAGO
2.175.774,59 €	0,25%	5.439,44 €	0,00 €

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

2.2) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. EXPEDIENTE 24/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que Pompas Funebres del Noroeste, S.A. solicitou en data 20/02/2018 (r.e. 1000) licenza municipal para “**primeira ocupación**” do Velorio de Porto do Son situado no lugar de Agueira, 93 – Nebra, na parcela con referencia catastral 000801400NH03A0001WH, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18/05/2017 (expte. 34/2017).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 34/2017 e, en particular o informe dos servizos técnicos municipais, de data de 21/03/2018, en sentido favorable, no que se conclúe: *“xirada visita de comprobación ao lugar onde se levaron a cabo as obras obxecto do expediente de primeira ocupación 24/2018, compróbase que dende o punto de vista exclusivamente técnico urbanístico, axústase substancialmente ao proxecto que obtivo licenza mediante acordo de Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria con data 18 de maio de 2017(expediente de obra 34/2017, observándose que se modificou a distribución da zona de aseos e oficinas, e que dita modificación, que non é substancial, recóllese na documentación final de obra (visada co número 1700949,7 en data 16.02.2018), e que non supón incumprimento da normativa de aplicación.*

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a Pompas Funebres del Noroeste S.A. a licenza municipal para “**primeira ocupación**” do Velorio de Porto do Son situado no lugar de Agueira, 93 – Nebra, na parcela con referencia catastral 000801400NH03A0001WH, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 18/05/2017 (expte. 34/2017).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación e expedición de documentos polo outorgamento da licenza de primeira ocupación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario:



Base imponible: orçamento	TIPO de GRAVAME	COTA taxa LPO	PENDENTE PAGO
223.598,40 €	0,25%	559,00 €	0,00 €

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

2.3) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN. EXPEDIENTE 29/2018

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

Visto que D. S** solicitou en data 08/03/2018 (r.e. 1423) licenza municipal para “**primeira ocupación**” da vivenda unifamiliar situada no lugar de A Telleira – Miñortos na parcela con referencia catastral 15072A001035920000PF, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 15/07/2015 (expte. 139/2015).

Vista a documentación que obra no expediente administrativo nº 34/2017 e, en particular o informe dos servizos técnicos municipais, de data de 04/04/2018, en sentido favorable, no que se conclúe: *“xirada visita de comprobación á vivenda unifamiliar obxecto do expediente de licenza de primeira ocupación 29/2018, compróbase que dende o punto de vista exclusivamente técnico urbanístico, axústase substancialmente ao proxecto que obtivo licenza mediante acordo de Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria con data 15 de xullo de 2015(expediente de obra 139/2015, observándose pequenas variacións interiores que non supoñen variación do número de estancias nin distribución das mesmas, senón das súas dimensións, que se recollen na documentación final de obra (visada con número 1507994,4 e 1507994,5), non sendo modificacións substanciais, e que non supoñen incumprimento da normativa de aplicación.*

ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a D. S** licenza municipal para “**primeira ocupación**” da vivenda unifamiliar situada no lugar de A Telleira – Miñortos na parcela con referencia catastral 15072A001035920000PF, e de construción autorizada por licenza concedida en sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 15/07/2015 (expte. 139/2015).

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa de tramitación e expedición de documentos polo outorgamento da licenza de primeira ocupación, imputando o recoñecemento do dereito aos conceptos orzamentarios correspondentes, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible: orçamento	TIPO de GRAVAME	COTA taxa LPO	PENDENTE PAGO
176.457,22 €	0,25%	441,14 €	0,00 €

TERCEIRO.- Notificar este acordo ao interesado co réxime de recursos aplicables.”

2.4) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE OBRA.



2.4.1- Expediente nº 128/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por Unión Fenosa o 14/06/2017 (r.e 3826) para realizar obras de “**reforzo de rede aérea de baixa tensión, paso aéreo subterráneo e canalización 72 mts**” da parcela situada no lugar de Caamaño, polígono 17, parcela 604- Porto do Son, coa referencia catastral 15072A017006040001AK.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
5.194,71 euros	2%	103,89 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.2- Expediente nº 28/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. M** 07/03/2018 (r.e. 1390) para realizar obras de “**construción dunha pérgola ou emparrado de parede en voadizo, en terraza de cuberta**” da vivenda situada na rúa San José, 5, planta baixo cuberta- Portosín, coa referencia catastral 4342620NH0344S0018ZZ.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.000,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a

correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.3 - Expediente nº 36/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. D^{**} o 15/03/2018 (r.e.201899900000038) para realizar obras de “**substitución do acabado de cuberta**” da vivenda situada na rúa Méndez Núñez, 7- Porto do Son, coa referencia catastral 9705201MH9390N0001SM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
5.690,00 euros	2%	113,80 €

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.4- Expediente nº 38/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J^{**} o 19/03/2018 (r.e. 1642) para realizar obras de “**peche de finca**” da situada no lugar de Amoreira, 61 – Miñortos, coa referencia catastral 15072A001027120001AB.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
3.685,00 euros	2%	73,70 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada

polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.5- Expediente nº 39/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 20/03/2018 (r.e. 1620) para realizar obras de “**renovación do tellado con tella do pais e encintar**” da vivenda situada no lugar de Bustoseco, 2- Ribasieira, coa referencia catastral 001700100NH02C0001AJ.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.500,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.6- Expediente nº 41/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D^a. H** o 2103/2018 (r.e. 1706) para realizar obras de “**construción de muro de formigón de 1,45 m**” na parcela situada no lugar de Boiro, 82 – Miñortos, coa referencia catastral 001104000NH03F0001JG.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
---	----------------------	----------------------



3.216,00 euros	2%	64,32 euros
----------------	----	--------------------

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.7- Expediente nº 44/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. J** o 26/03/2018 (r.e. 1792) para realizar obras de “**pintado de fachada en branco, recubrimento de ventás e botar zahorra**” na vivenda situada no lugar de Campo de Prado, 94 A- Aguieira – Nebra, coa referencia catastral 15072A502023740000OM.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.148,77 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.8- Expediente nº 46/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. C** o 27/03/2018 (r.e. 1842) para realizar obras de “**colocación de dúas miniondas no lateral do edificio**” situado na rúa Roda, 37 – Noal, coa referencia catastral 9606304MH9390N.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:



Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
61,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.4.9- Expediente nº 47/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento e declarar completa a comunicación previa presentada por D. F** o 02/04/2018 (r.e. 1900) para realizar obras de “**limpeza e pintado de fachada**” da vivenda situada no lugar de Soutoi, 1- Miñortos, coa referencia catastral 000102200NH03D0001SB.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), imputando o recoñecemento do dereito ao concepto orzamentario correspondente, e requirir o pago ao obrigado tributario:

Base imponible ICIO (Orzamento execución material)	Tipo de gravame ICIO	Cota tributaria ICIO
1.090,00 euros	2%	30,05 euros (mínimo)

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.5) DESISTENCIA EN PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE COMUNICACIÓN PREVIA 261/2017

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:** “Visto que D^a. M** en data 24/11/2017 presentou unha comunicación previa urbanística para realizar as obras de “**construción de cenador**” na parcela da súa vivenda situada en Vilar, 43 – Baroña.



Visto que D^a. M** presentou unha instancia o 26/03/2018 (r.e. nº 1798) comunicando a desistencia da comunicación previa.

Considerando que, de acordo art. 94.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas “*todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando iso non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos*” e que o art. 94.4 da mesma norma dispón que “*a Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento agás que, habéndose personado no mesmo terceiros interesados, instasen estes a súa continuación no prazo de dez días desde que foron notificados da desistencia ou renuncia*”.

ACORDA:

PRIMEIRO.- Aceptar a desistencia formulada por D^a. M** da súa solicitude de comunicación previa para as obras de “**construción de cenador**” na parcela da súa vivenda situada en Vilar, 43- Baroña, e declarar concluso o procedemento, dispoñendo o seu arquivo.

SEGUNDO.- Notificar este acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicable.

2.6) COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADE.

2.6.1- Expediente nº 5/2018.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación previa presentada por D^a. J** o 28/02/2018 (r.e. 1152) para desenvolver a actividade de “**perruquería**” no inmovible situado na Avda. da Constitución 57 baixo esquerda- Portosín, con referencia catastral 4542407NH034450005HA.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura, que a continuación se indica:

Epígrafe (art. 5 Ordenanza Fiscal nº 27)	Superficie do local	Cota tributaria
A). Actividades suxeitas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa	Máis de 100 m2	250,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

2.6.2- Expediente nº 29/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**



PRIMEIRO.- Tomar coñecemento da comunicación previa presentada por ELEC COAL VM SLU o 11/08/2017 (r.e. 5157) para desenvolver a actividade de “**Parque Eólico Singular de Porto do Son**” situado en Penas Negras- parroquia de Xuño, na parcela con referencia catastral 15072A046000300000PO.

SEGUNDO.- Aprobar a liquidación tributaria definitiva da taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas, declaracións responsables e no outorgamento de licenzas de apertura, que a continuación se indica:

Epígrafe (art. 5 Ordenanza Fiscal nº 27)	Superficie do local	Cota tributaria
A). Actividades suxeitas ao réxime de declaración responsable ou comunicación previa	Máis de 100 m2	250,00 euros

TERCEIRO.- Unha vez finalizada a construción, instalación ou obra e tendo en conta o seu custe real e efectivo, o Concello, mediante a oportuna comprobación administrativa realizada polos servizos técnicos municipais, modificará no seu caso, a base imponible practicando a correspondente liquidación definitiva en relación ao Imposto de Construcións, instalacións e obras e esixindo ao suxeito pasivo ou reintegrándolle no seu caso, a cantidade que corresponda.

CUARTO.- Notificar a presente resolución ao interesado con expresión do réxime de recursos aplicables, así como prazo e forma en que debe ser satisfeita a débeda tributaria”.

3. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

3.1) DECLARACIÓN DE CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA E INICIO DUN NOVO PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**

“ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local, en data 23/03/2017 resolveu iniciar un expediente de reposición da legalidade urbanística polas obras de construción dunha nave destinada a almacén sen autorización municipal, na parcela situada no lugar de Carrapatal, 37 – Xuño, con referencia catastral 001802700MH92B0001SO, sendo o promotor das obras D. A**
O anterior acordo foille notificado ao interesado o 06/04/2017.

Segundo.- O 27/07/2017 (r.e. 4883) D. A** solicitou licenza municipal para a legalización das obras antes indicadas, achegando expediente de legalización redactado pola arquitecta D^a. M^a. **, de data xullo de 2017, (visado COAG núm. 1704424.6 do 20/07/2017).

Terceiro.- Os servizos técnicos municipais emitiron informe o 06/02/2018 indicando, en síntese:

- O expediente de legalización está incompleto pois faltan o certificado de antigüidade da edificación, o certificado do cumprimento das condicións acústicas, os boletíns dos instaladores (electricidade) e, ademais, a memoria debe estar redactada en pasado, o resume económico denominarase valoración e non orzamento.



- A edificación que se pretende legalizar está situada a unha distancia aproximada de 1,15 m do lindeiro, polo que non cumpre as condicións de recuamento esixidas pola ordenanza “solo de núcleo rural común. Grao 2”.
- Segundo o disposto no artigo 4.7.9.4 da Normativa PXOM os edificios destinados a uso almacén en solo de núcleo rural deberán adaptarse en calquera caso ao disposto para as condicións de materiais, tipoloxías, fachadas e cubertas especificadas no capítulo 4.7.9 para os núcleos rurais. A construción que se pretende legalizar ten tipoloxía de nave, que rompe e non harmoniza cos patróns arquitectónicos de carácter privado da zona en canto a volume, tratamento de fachadas, morfoloxía e tamaño dos ocos, cubertas, materiais, cores e formas construtivas.
- O proxecto non xustifica as condicións de uso Industrial do PXOM e non cumpre as condicións de protección contra incendios.

Cuarto.- A Xunta de Goberno Local, en data 23/02/2018, acordou outorgarlle ao interesado trámite de audiencia por prazo de 15 días hábiles, séndolle notificado o acordo o 09/03/2018.

Quinto.- Transcorrido máis dun ano desde o inicio do expediente de reposición da legalidade urbanística, non se resolveu o procedemento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O art. 152.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) dispón que os procedementos de reposición da legalidade urbanística terán que resolverse no prazo dun ano a contar desde a data do acordo de iniciación. Transcorrido ese prazo, de acordo co sinalado polo art. 25.1 b) da Lei 39/2015, do 31 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, este debe declararse caducado e proceder ao arquivo das actuacións.

Segundo.- O art. 153 LSG establece que *“de estaren rematadas as obras sen licenza ou incumprindo as condicións sinaladas nela ou na orde de execución, o alcalde ou alcaldesa, dentro do prazo de seis anos, a contar desde a total terminación das obras, incoará expediente de reposición da legalidade, procedendo segundo o disposto no artigo anterior. Tomarase como data de terminación das obras a que resulte da súa efectiva comprobación pola Administración actuante, sen prexuízo da súa acreditación por calquera outro medio de proba válido en dereito”*.

Debe tomarse como data de terminación das obras de construción da construción o da súa efectiva comprobación polo concello, o que se verificou polos servizos técnicos o 07/11/2014, polo que aínda non transcorreu o prazo de caducidade de seis anos para o inicio do obrigado procedemento de reposición da legalidade urbanística .

Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Declarar a caducidade do expediente de reposición da legalidade urbanística iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/03/2017 pola execución de obras consistentes na construción dunha nave sen autorización municipal na parcela situada no lugar de Carrapatal, 37 – Xuño, e que ten a referencia catastral 001802700MH92B0001SO.

SEGUNDO.- Iniciar un expediente para a reposición da legalidade urbanística pola execución das obras rematadas sen título habilitante de natureza urbanística consistentes na construción dunha nave destinada a almacén sen autorización municipal, na parcela situada no lugar de Carrapatal, 37 – Xuño, con referencia catastral 001802700MH92B0001SO, sendo o promotor das obras D.A**.



TERCEIRO.- Declarar a conservación no dos actos e trámites realizados no procedemento de reposición da legalidade urbanística que se declara caducado no apartado PRIMEIRO deste acordo, sinaladamente os informes emitidos polos servizos municipais.

CUARTO.- Notificar este acordo aos interesado e outorgarlles un prazo de quince días hábiles para que poidan realizar as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen convenientes ao seu dereito e, no seu caso, propoñer a práctica de proba concretando os medios de que pretendan valerse.”

4. PATRIMONIO MUNICIPAL.

4.1) REQUIRIMENTO PARA O CESE DA POSESIÓN INDEBIDA SOBRE UN ESPAZO PÚBLICO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, **adopta o seguinte ACORDO:**
“ANTECEDENTES

Primeiro.- Por acordo da Xunta de Goberno Local do 02/02/2018 iniciouse o procedemento para a recuperación da posesión indebidamente perdida sobre o camiño público de titularidade municipal que discorre entre as parcelas 350 e 356 da concentración parcelaria de Nebra (Porto do Son), pechado por D. J**.

Así mesmo, acordouse outorgar aos interesados trámite de audiencia por un prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte ao da notificación do acordo, para que puidesen alegar e presentar os documentos e xustificacións que estimasen convenientes ao seu dereito.

Segundo.- O acordo indicado no apartado anterior notificouse a D. J** o 23/02/2018, sen que durante o prazo de audiencia formulase alegación ningunha.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O art. 41 Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das Administracións Públicas (LPAP) atribúelle ás Administracións Públicas a potestade para “*recuperar de oficio a posesión indebidamente perdida sobre os seus bens e dereitos*”, previsión que reitera para as Entidades Locais o art. 82 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

A prerrogativa de recuperación da posesión en vía administrativa poderá exercitarse “*en calquera tempo*” se os bens e dereitos cuxa posesión se pretende recuperar teñen a condición de bens de dominio público [arts. 55.2 LPAP e 70.1 do RD 1372/1986, do 13 de xuño, Regulamento de bens das Entidades Locais (RBEL)].

Segundo.- O art. 68.3 do RD 1373/2009, do 23 de agosto, aproba o Regulamento xeral da LPAP dispón que “*vistas as alegacións do ocupante, requiríraselle na forma prevista no art. 56 da lei*”.

Pola súa banda, o art. 56 a) LPAP establece que, previa audiencia ao interesado e unha vez comprobado o feito da usurpación posesoria e a data na que se iniciou “*requirírase ao ocupante para que cese na súa actuación, sinalándolle un prazo non superior a oito días para iso, coa prevención de actuar na forma sinalada nos apartados seguintes se non atendese voluntariamente o requirimento*”.



Visto canto antecede, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Requirir a D. J** para que, no prazo máximo de oito días, contados desde o seguinte ao de notificación deste acordo, cese na posesión sobre o camiño público de titularidade municipal que discorre entre as parcelas 350 e 356 da concentración parcelaria de Nebra (Porto do Son) que pechou.

En caso de non atender o requirimento, dítarase a resolución que proceda, dispoñendo, no seu caso, o desaloxo do ben ocupado e a adopción das medidas coercitivas previstas no art. 56 LPAP.

SEGUNDO.- Notificar este acordo aos interesados con expresión do réxime de recursos aplicable.

5. ASISTENCIA PERMANENTE AO ALCALDE NO EXERCICIO DAS SÚAS ATRIBUCIÓN.

A Xunta de Goberno Local, en uso da competencia conferida polos artigos 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 52, 53 e 46 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais (ROF) , segundo os cales lle correspóndelle á Xunta de Goberno Local como atribución propia e indelegable a asistencia ao Alcalde no exercicio das súas atribucións aparte das atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle poidan delegar; procede a prestar a asistencia ao Alcalde- Presidente no exercicio das súas atribucións, sendo informada neste momento de todas as decisións de goberno do Alcalde- Presidente dende a anterior Xunta de Goberno Local.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Alcaldía- Presidencia, levántase a sesión, sendo as **14:30 horas**, do día **5 de abril de 2018**, de todo o que se estende a presente acta da que eu, como secretario, dou fe.

O ALCALDE- PRESIDENTE,

O SECRETARIO,

Asdo. José Luis Oujo Pouso.

Asdo. José Manuel González García.